

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 02.03.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 02.03.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal (quen se ausenta ás 18.59 h, durante o 9º punto da orde do día), Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente do 30.12.2016

A acta queda aprobada ao non haber obxeccións.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. dende o núm. 98/2017 ao núm. 219/2017

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 4º trimestre do 2016

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 4º trimestre do 2016

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía da determinación dos dereitos de imposible ou difícil recadación, exercicio 2016

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica por 3 votos a favor (2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións (2 do grupo popular e 1 do grupo socialista):

“PROPOSTA DA ALCALDIA
ASUNTO.- DETERMINACION DOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACION EJERCICIO 2016

Logo de ver o informe-proposta da Intervención municipal 29/2017 de 17 de febreiro de 2016 dando cumprimento ao recollido na Base 68 das Bases de execución do orzamento do exercicio 2015 prorrogadas para o exercicio 2016 en relación ao criterio de cálculo para a determinación dos dereitos de imposible ou difícil recadación do exercicio 2016 que literalmente transcrito di

“I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016, prorrogadas do exercicio 2015.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento que será aprobada polo seu Presidente, previo informe da Intervención.

O artigo 191 do TRLRFL establece en relación á cuantificación do remanente líquido de tesourería que forma parte da liquidación do orzamento que “deberá realizarse teniendo en cuenta los posibles ingresos afectados y minorando de acuerdo con lo que reglamentariamente se establezca los derechos pendientes de cobro que se consideren de difícil o imposible recaudación.”

2.- A Base 68 das Bases de execución do orzamento do exercicio 2015, prorrogadas para o exercicio 2016, establece que “Os criterios para calcular os dereitos de cobro de dudosa ou imposible recadación serán determinados polo Pleno da Corporación a proposta da Intervención Xeral, e serán incluídos na resolución da aprobación da Liquidación do Orzamento”

3.- O artigo 193 bis do TRLRFL, introducido polo número Un do artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, recolle o seguinte en relación á determinación dos dereitos de difícil ou imposible de recadación:

“Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento.”

4.- Do exame da contabilidade municipal poden extraerse os seguintes datos en relación aos dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2016:

Exercicio	Importe dos dereitos pendentes de cobro a 31/12/2016
2001	134,54
2002	1.472,48
2003	1.308,08
2004	1.131
2005	4.686,28

2006	1.332,74
2007	1.612,75
2008	364.839,74
2009	437,04
2010	2.362,56
2011	27.861,98
2012	10.851,04
2013	7.186,73
2014	25.068,51
2015	32.882,03
TOTAL	483.167,50

Tendo en conta o exposto, e seguindo o criterio mantido en exercicios anteriores, emito a seguinte PROPOSTA ao Pleno

PRIMEIRO.- Aplicar para a cuantificación do importe dos dereitos que se consideran de difícil ou imposible recadación para o exercicio 2016 as porcentaxes mínimas recollidas no artigo 193.bis do TRLRFL, o que supón un total de 426.432,99; de conformidade co seguinte detalle:

Exercicio	Importe dos dereitos pendentes de cobro a 31/12/2016	Porcentaxe de minoración	Importe dos dereitos de difícil ou imposible recadación
2001	134,54	25	8.220,51
2002	1.472,48	25	6.267,13
2003	1.308,08	50	3.593,37
2004	1.131	75	8.138,28
2005	4.686,28	75	20.896,49
2006	1.332,74	100	2.362,56
2007	1.612,75	100	437,04
2008	364.839,74	100	364.839,74
2009	437,04	100	1.612,75
2010	2.362,56	100	1.332,74
2011	27.861,98	100	4.686,28
2012	10.851,04	100	1.131
2013	7.186,73	100	1.308,08
2014	25.068,51	100	1.472,48
2015	32.882,03	100	134,54
TOTAL	483.167,50		426.432,99

Fene, 17 de febreiro de 2016.
A interventora
Iria Luisa Díaz Gavela"

Á vista do anteriormente exposto, esta alcaldía eleva ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aplicar para a cuantificación do importe dos dereitos que se consideran de difícil ou imposible recadación para o exercicio 2016 as porcentaxes mínimas recollidas no artigo 193.bis do TRLRFL, o que supón un total de 426.432,99.

Fene, a 18 de febreiro de 2017.
O alcalde"
Asdo. Juventino Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 5 votos a favor (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 12 abstencións (7 do grupo do PP, 3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aplicar para a cuantificación do importe dos dereitos que se consideran de difícil ou imposible recadación para o exercicio 2016 as porcentaxes mínimas recollidas no artigo 193.bis do TRLRFL, o que supón un total de 426.432,99.

6. Aprobación, se procede, da Proposta de rectificación de erro material do punto 8.3 da orde do día da acta do Pleno do 03.11.2016

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade por unanimidade:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 03.11.2016 o Concello de Fene realizou un Pleno ordinario, no que entre outros tratouse a seguinte moción urxente no seu punto: 8.3 Moción do grupo municipal Somos Fene e Socialista en relación a cambiar a denominación actual de "Avenida do Concello" pola de "Avenida do Alcalde Ramón Souto González".

Logo de comprobar que existe un erro material no resultado da votación da urxencia da devandita moción que xeito que:

Onde di:

"Rematado o debate sométese á votación a urxencia da moción co resultado de 10 votos a favor (2 do grupo municipal Somos Fene, 3 do grupo municipal Socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal e 5 abstencións do grupo municipal do PP."

Debería dicir:

"Rematado o debate sométese á votación a urxencia da moción co resultado de 11 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal)."

Tendo en conta o anterior, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, (BOE núm. 236, do 02.10.2015), establece:

"2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos que existan nos seus actos."

É polo que, propóñolle ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

1. Proceder a rectificar a votación da urxencia do acordo do punto 8.3 do Pleno do 03.11.2016, de xeito que:

Onde di:

"Rematado o debate sométese á votación a urxencia da moción co resultado de 10 votos a favor (2 do grupo municipal Somos Fene, 3 do grupo municipal Socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal e 5 abstencións do grupo municipal do PP."

Debe dicir:

“Rematado o debate sométese á votación a urxencia da moción co resultado de 11 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).”

Fene, 16 de febreiro de 2017
O alcalde
Juventino José Trigo Rey”

Abre o debate o alcalde que di que trátase de corrixir un erro apreciado nunha acta aprobada no Pleno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo votará en contra da modificación desta acta porque considera que os actos deben conservarse tal e como están, non sabe se o erro material, pasado xa decembro, xaneiro e febreiro é o sentido do voto, pero o que está claro é que naquel Pleno a idea do partido Popular era absterse na urxencia e votar a favor do cambio do nomeamento da rúa, no suposto de que a urxencia fose adiante, como así foi. De todos os xeitos pensa que o cambio da votación pasou o filtro da fe pública e pasou o filtro da aprobación da acta por este Pleno, por iso pensa que esta acta débese conservar. É curiosa esta revisión de oficio que non lle deixa de sorprenden, pero ao fin e ao cabo están a falar de cuestións formais, como pode ser votar unha urxencia ou non. Se agora como resultado desta modificación resulta que determinado grupo municipal que está neste Pleno resulta que non votou a urxencia ten que dicir que ben se apurou a dar cumprimento os cambios que se levaron ao efecto. Quere lembrar que van dous anos pedindo o cumprimento dunha sentenza xudicial respecto da depuradora en Maniños para que se baleire do que xa se trouxo unha moción ao Pleno neste sentido, e séguese sen cumprir. Di que o outro día foi por alí e había un camiión pero levan dous anos para que se cumpra a moción e o ordenado nunha sentenza xudicial. Se ao final o goberno non estaban de acordo coa urxencia, ben que se apuraron a dar cumprimento desta moción cando hai cantidade de mocións aprobadas durante o último ano que nin sequera se lle deron cumprimento, é máis, por non dar non se dá cumprimento nin á Lei, xa que no Pleno pasado o seu grupo fixo unha serie de preguntas que por obriga legal débense contestar por escrito e teñen a calada por resposta.

De segundo intervén o alcalde para pedirlle ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que se centre no asunto da orde do día.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o alcalde ten unha actitude ditatorial e agora se con esta modificación quere salvar a súa responsabilidade mal o ve, porque as mocións dálles cumprimento o alcalde, porque por iso é o executivo que hai neste plenario e ben que se apurou a darlle cumprimento a esta e non a outras cousas que son bastante máis urxentes e que seguen a esperar por elas.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que di que se trata dun erro material, o Pleno está grabado e díxose o que se dixo no seu momento. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal que chama a atención que diga todos os días que son sete concelleiros e logo á hora de votar diga que son cinco. Trátase dun erro e non hai que darlle máis transcendencia.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que como tal erro el tampouco lle dá máis transcendencia, sinxelamente remítese á acta daquel Pleno no que o seu grupo municipal deixou ben clara cal era a súa postura respecto do cambio de nome desta rúa. Dixo que preferían que fose a praza porque evitaría todos os problemas que ía evitar. Pensa que iso é o fondo do asunto e é o transcendente.

Sometido o asunto a votación non foi aprobado logo de obter 12 votos en contra (7 do grupo do PP, 3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene) e 5 votos a favor (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

7. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Popular para que o goberno da Deputación da Coruña garanta que o Concello de Fene percibirá, como mínimo, a través do

novo plan único, os mesmos fondos que recibían coas liñas de subvención que existían con anterioridade

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada desfavorablemente na Comisión informativa de Organización e Seguridade, co voto de calidade da presidenta, logo de que na primeira e segunda votación se producise un empate por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 3 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 1 abstención do grupo municipal Socialista:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Fene , conforme ao previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, preséntalle ao Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE FENE PERCIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBIÁN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprimense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.

Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consonancia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Fene propón á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello Fene, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).
2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.

A Coruña, 14 de febreiro de 2017
O Voceiro do Grupo Municipal Popular
Asdo.: Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que xa puxo de manifesto neste Pleno que con este Plan Fene perde 161000 euros aproximadamente, porque percibe 735000 euros cando o ano anterior pasou dos 900000 euros, (775000 euros máis 161000 euros). Esta moción pretende garantir os 900000 euros que o ano pasado percibiu o Concello de Fene para atender a estas liñas máis os tres plans provinciais e non por capricho do PP, senón porque é de pura lóxica, non no caso de Fene porque non ten orzamentos, pero si naqueles concellos nos que os orzamentos saen ano tras ano e se aproban coa previsión suficiente para que poidan entrar en vigor o un de xaneiro do ano seguinte, cousa que con este Plan non permite ter esta previsión, porque se Fene tivese aprobado os orzamentos, tendo en conta que a Deputación aprobou

este Plan o 30.11.2016, sabería que levaría 775000 euros, pero como é un plan aberto ao que se irán achegando remanentes o que non garante é que vai dispor dos 900000 euros que tivo o ano pasado. Por iso a moción vai neste sentido, ao non tratarse dunha cantidade pechada non se concretan ou non se poden concretar correctamente todos os ingresos que previsiblemente se van ter; el está de acordo en que os vai haber, pois ten confianza en que na Deputación vai haber remanentes do ano pasado, pero o impedimento contable de poder levar a uns orzamentos esta cantidade pechada e exacta non o garantiu o POS+ e non pode garantir unha serie de cousas que ao mellor se esquecen, pois o POS+ non pode garantir que todos os concellos poidan acudir ao PAI, Plan de Axuda ao Investimento, porque hai determinados concellos que non teñen débedas e non teñen por que ir a un préstamo ou ben non cumpren os requisitos para acceder a el, co cal quédanse sen esta parte de axuda ao investimento. Por outro lado, existe a dúbida de que relixiosamente todos os concellos vaian a dedicar a aquelas subvencións que foron suprimidas polo POS+ os mesmos cartos que se dedicaron o ano pasado. Por tanto, a inconcreción é total, así en Fene para aprobar este Plan o primeiro que tiveron que facer foi retirar da partida total as cantidades que precisaban necesarias para seguir atendendo a determinadas actividades que en Servizos Sociais, Turismo, Promoción Económica ou Deportes se viñan desenvolvendo, pero coa eiva de que se se tivera orzamento aprobado, a falla de 161000 euros que a maiores Fene recibiu o ano pasado tería que ser repartida por todo o orzamento, co cambio que suporía de todas as partidas. Esta moción o único que pretende, xa que en Fene non ten aprobados os seus orzamentos, é que cando se leve a achega que a Deputación Provincial lle dá ao Concello, sexa unha cantidade pechada, cara a poder consignala debidamente nos orzamentos.

De seguindo fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entende a posición do partido Popular e parte do desexo de que o POS+ signifique para este Concello, á parte doutras consideracións, cando menos o mesmo investimento do ano anterior. A moción é innecesaria porque cos datos que manexa o grupo Socialista da Deputación pensa que haberá remanente e é moi probable que Fene incremente os seus ingresos respecto do ano anterior, sen entrar en que as cifras tampouco son definitivas e non se sabe se vai ser un pouco ou un moito. Está convencido de que con este Plan vaise garantir un investimento superior ao plan do ano pasado e tampouco ven problemas orzamentarios, en Fene non porque non ten orzamentos, pero onde os haxa, no que non estea previsto sempre se poderá facer un suplemento de crédito e xerarse o crédito correspondente para esas partidas e executar as obras que sexan pertinentes. O que si ve é que o POS+ significa un cambio fundamental no financiamento da Administración Local e, se agora a tendencia por parte de todas as Administracións era ter aos concellos subsidiarios, pendentes de concederlles ou non subvencións ou pendente da cor política, na Deputación xa hai anos chegouse á avances importantes, primeiro consensuando un xeito de distribuír os cartos na que entrasen naquel consenso todos os partidos políticos e todos os concellos da provincia, que son os criterios polos que se redistribúe o POS, criterios obxectivos que conseguen que os cartos se distribúan dun xeito equitativo para todos os concellos da provincia. A maiores, coa creación do POS+ o que se acada é unificar diversas subvencións, considerar, por fin, que os concellos son maiores de idade, cando menos tan maiores de idade como o resto das institucións (Deputación, Xunta ou goberno central) e o que teñen que comezar facer as Administracións públicas de ámbito supramunicipal é seguir o mesmo camiño que comezou facer a Deputación, desenvolvendo estas políticas que levan a que a Administración Local se lle acheguen directamente todos os recursos que necesitan para prestarlles os seus servizos aos seus veciños e veciñas. Por tanto, entende que a esta moción é innecesaria, primeiro porque o POS+ significa un avance cualitativo impresionante respecto á situación anterior, que seguro aínda terá que desenvolverse moito máis nos vindeiros anos, pero significa un primeiro paso moi potente na descentralización dos fondos cara á administración local e que as cantidades, a pouco que se cumpran as previsións de remanentes, verase mellorada a situación respecto a outras cantidades. Por todo isto o seu grupo votará en contra.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que está en contra das Deputacións, considera que é unha administración que solapa competencias da Xunta de Galicia e dos Concellos, exactamente igual que o BNG. Parécelle ben o POS, pero pensa que o remanente tan citado pode servir para facer clientelismo cos gobernos afíns a quen en cada momento teñan o poder na Deputación. Pídeselles unha boa vontade para que o remanente poida ser aplicado e isto verase. O seu grupo vaise abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que nesta moción, igual que a seguinte do grupo municipal Socialista vaise cingir á intervención que fará a voceira do grupo municipal do BNG porque teñen as cousas consensuadas e van na mesma liña.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di está de acordo cos cambios feitos pola Deputación respecto do POS porque considera que se fai un reparto obxectivo e transparente dos fondos. O goberno de Fene preocúpase que cando menos, os fondos destinados para Fene aumenten ou cando menos se manteñan. Di que o seu grupo votará en contra.

Sometido o asunto a votación, non foi aprobado logo de obter 8 votos en contra (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 1 do grupo mixto), 7 votos a favor do grupo do PP e 2 abstencións do grupo Somos Fene.

8. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre bolsas e axudas ao estudo

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia por 4 votos a favor (2 do grupo do BNG, 1 do grupo mixto e 1 do grupo socialista) e 3 abstencións do grupo do PP:

“Unha política educativa baseada na EQUIDADE é a única que nos fai a todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas. Un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é unha política de bolsas que chegue a todos aqueles cidadáns con problemas económicos para poder estudar.

A combinación de recortes orzamentarios, reformas legais e decisións de xestión conduciron a un cambio de modelo que implica unha regresión importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade que constituíra unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para uns poucos.

Un dos capítulos de maior regresión é o das axudas e bolsas ao estudo. Entre as primeiras medidas que tomou o Goberno do Partido Popular nestes “cinco anos negros” para a educación no noso país está a promulgación de dous Reais Decretos: O Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de Abril, que regulamenta a modificación dos prezos públicos das taxas universitarias existentes até ese momento, e o Real Decreto 1000/2012, de 29 de Xuño, que modificou totalmente as condicións para poder ser beneficiario dunha bolsa de estudos. A partir do curso 2012/2013 prodúcese unha auténtica discriminación cara aos alumnos bolseiros; xa que agora esíxeselles, ademais de cumprir os topes de renda e patrimonio, unha nota media de 5’5 puntos, para os bachareis, e 6’5 puntos, para unha bolsa universitaria. Con isto rómpese a igualdade até entón de que cun 5 podían estudar os que tiñan recursos económicos e os que non, mediante becas.

As modificacións e regresións no sistema de bolsas e axudas ao estudo, acompañadas dunha subida desproporcionada dos prezos públicos de matrícula universitaria, supuxeron unha combinación letal para miles de estudantes que viron como a crise facía estragos nas súas economías familiares, dificultando de maneira inxusta as súas posibilidades de acceso á educación universitaria.

Os prezos públicos de matrícula e o sistema de bolsas e axudas ao estudo forman un binomio central para a garantía da igualdade de oportunidades e deben asegurar en conxunto que ningunha persoa deixe de estudar por carecer de recursos económicos.

Pero non só se castiga aos que menos teñen, esixíndoselles máis notas que aos que non necesitan beca, senón que, ademais, rebáixaselles a contía da mesma.

Este novo sistema crea ademais incerteza, xa que se divide a beca nunha cantidade fixa e outra variable, dependendo esta última da existencia de recursos económicos, polo que os alumnos non saben ao comezar o curso a cantidade que van recibir.

Este Real Decreto rompe coa consideración da beca como “dereito subxectivo” para todos os alumnos que aproben e que non dispoñan de recursos económicos, xa que agora a percepción das bolsas vai depender da cantidade económica dispoñible nos orzamentos.

Nestes cinco anos a contía media das becas baixou en máis dun quince por cento e, nas bolsas compensatorias dedicadas a aqueles alumnos con menos recursos económicos e que necesitan residencia para estudar unha carreira universitaria, a baixada foi de máis dun corenta por cento.

Estas medidas, xunto á subida das taxas universitarias, ocasionaron que máis de 100.000 alumnos fosen expulsados do sistema educativo.

Ademais, o novo sistema tivo enormes dificultades de aplicación pola falta de coherencia, previsión e incerteza. Entre as máis graves están o atraso no pago das becas, unha diminución xeneralizada na contía das mesmas, á que se engade a imposibilidade de coñecer con suficiente antelación a contía e, por tanto, a dificultade de reclamar en caso de recibir unha beca inferior.

Esta reforma foi tamén un exemplo da falta de diálogo e participación na toma de decisións das políticas en materia educativa. A reforma do sistema de bolsas implantada polo PP foi unha decisión unilateral que obviou ás partes afectadas, sobre todo o alumnado; ademais, incumpriu a propia normativa que obriga a convocar o Observatorio de Bolsas, foro de obrigada consulta para a toma de decisións nesta materia, creado a través do Real Decreto 1.220/2010, de 1 de outubro.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta MOCIÓN instando o Goberno de España a:

- 1.- Convocar con carácter de urxencia o Observatorio de Bolsas, creado a través do Real Decreto 1220/2010, de 1 de outubro. Este Observatorio emitirá un informe, preceptivo, antes das convocatorias anuais de Bolsas e axudas ao Estudo.
- 2.- Modificar a normativa reguladora das bolsas para recuperar o verdadeiro sentido das mesmas como dereito subxectivo, sen que ningún estudante que cumpra os requisitos quede sen beca por cuestións orzamentarias.
- 3.- Modificar os requisitos académicos actuais para a obtención dunha bolsa, restablecéndose os requisitos dispostos no Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, de becas e axudas ao estudo personalizadas.
4. Establecer criterios claros, obxectivos e ponderables para a súa obtención, de tal maneira que o solicitante poida coñecer de antemán os criterios polos que se lle outorgan as becas e a contía que percibirá se lle é concedida, no caso de cumprilos.
- 5.- Facer a convocatoria anual de becas inmediatamente despois da publicación do Real Decreto de Bolsas, de forma que a resolución e o pago das mesmas se realicen antes do comezo do curso.
- 6.- Revisar os topes de Renda e Patrimonio para o dereito a unha bolsa, seguindo o recollido nos ditames á convocatoria de bolsas e axudas ao estudo aprobados e emitidos polo Consello Escolar do Estado, e adaptándoos ás circunstancias de cada momento, e non computar no límite patrimonial familiar, fixado en 1.700€, as subvencións ou prestacións económicas concedidas polas Administracións Públicas que teñan por finalidade atender a situacións de necesidades sociais puntuais, urxentes e básicas de subsistencia.
- 7.- Eliminar as trabas establecidas para as Bolsas Erasmus, cos novos requisitos, recuperando os anteriores e ampliar nos exercicios sucesivos os créditos orzamentarios destinados para este programa.
- 8.- Crear unha Bolsa de "rescate" que permita que aqueles alumnos que tivesen que abandonar os estudos polos criterios académicos introducidos na reforma de 2012 se poidan incorporar ao Sistema Universitario.
- 9.- Ofertar unha modalidade de Axuda Específica para aqueles alumnos que necesiten realizar a Acreditación Lingüística e que actualmente é o nivel B1.
- 10.- Recuperar as dotacións orzamentarias destinadas á convocatoria de Bolsas Séneca, de mobilidade nacional, que foron eliminadas no curso 2012-2013
- 11.- Reforzar o sistema de bolsas de máster, dada a estrutura dos estudos universitarios desde a implantación do sistema de graos; prestando especial atención as necesidades de mobilidade do alumnado das comunidades autónomas onde a oferta de máster non está desenvolvida, como é o caso galego."

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que a brecha que o partido Popular introduciu no sistema educativo español deu ao "traste" con moitas das aspiracións dos estudantes, tanto de bacharelato coma universitarios. Sinxelamente di que o ministro Ignacio Wert significouse bastante por algunhas das súas frases que quedaron recollidas nos medios de prensa, radio e comunicacións, citará algunhas para ver un pouco como foi esta personaxe que foi o único ministro de educación que fixo que toda a comunidade educativa se puxera en contra del. Frases tan célebres como que a selectividade non funcionaba porque aprobaban o 94 por cento dos alumnos. Outra das lindezas que deixou para a posteridade foi que aos pobres hai que esixirilles que estuden para recibir unha beca. Outra máis que dixo foi que el era partidario da segregación de sexos. Di que no curso escolar 2013/2014, o propio Ministerio de Educación, do que era ministro recoñeceu que gastou en becas 1445 millóns de euros, 258 millóns menos de euros dos que se gastou no curso escolar 2011/2012, que foi o curso que estivo a cabalo entre o goberno de Zapatero e os primeiros meses da lexislatura do goberno de Mariano Rajoy. Posteriormente o propio Ministerio recoñeceu que a baixada das becas e bolsas de estudo foi dun 15 por cento, concretamente un 19,1% a baixada nos estudos universitarios. Poderíanse dicir moitas máis cousas, pero o que máis sustenta a moción é a de que se rompeu o principio de equidade, que cada un reciba en función dos seus "emolumentos" e da súa capacidade económica.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que cando leu esta moción pareceulle que se está a falar de Andalucía e aquí están en Galicia, xa que a realidade de Galicia é totalmente diferente e. Cre que o importante sería que o partido Socialista xunto co partido Popular en Madrid se puxeran a traballar precisamente no tema orzamentario e nesas orzamentos, se consideran que isto é así, está na súa man corríxilo e adaptalo, pero pensa que isto o terían que facer a nivel nacional porque a nivel autonómico as cousas están bastante ou moito mellor do que se di nesta moción. En Galicia hai un moderno plan de financiamento do sistema universitario; no período 2011-2015 blindáronse os recursos públicos das universidades e froito desa experiencia e aprendizaxe do anterior proceso, Xunta e universidades de Galicia volveron asinar na novena lexislatura o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020. Por tanto, se as universidades non estivesen de acordo, non o subscribirían. A través deste novo Plan a Xunta incrementa polo menos un 18% do orzamento do ano anterior dotado con 2480 millóns de euros. Co goberno galego houbo unha adaptación da oferta docente universitaria ás demandas reais e sociais da sociedade e estase a desenvolver unha reordenación do mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia. Todo o mundo recoñece que Galicia é a comunidade autónoma coas taxas universitarias máis baixas de todo o Estado e isto non recorta para nada a calidade dos estudos que se cursan. Trátase dunha aposta pola universidade pública para apoiar aos estudantes universitarios galegos, asegurando a igualdade de oportunidades, porque as diferencias que hai por asignatura son bastante notables, datos públicos e notorios que todo o mundo coñece. No curso 2016/2017 Galicia segue a ser a rexión de toda España onde máis barato sae estudar unha carreira universitaria. Cal é a repercusión nas familias galegas desta medida en comparación co resto de familias de España?, ao que contesta que o conxunto das familias galegas con fillos nas universidades deixan de gastar, e por tanto aforran, 25 millóns de euros anuais. O aforro medio por familia é de 400 euros ao ano no caso de fillos estudantes de grao e 760 euros no caso de estudantes de mestrados; o prezo medio do crédito universitario é de 26,49 euros, en Cataluña está en 65,87 euros, Madrid 58,50 euros, o País Vasco 31,74 euros, a Rioxa 39,52 euros, Aragón 46,80 euros ou Andalucía 29,57 euros. No curso 2015/2016 pasa o mesmo por comunidades autónomas, Cataluña tivo 29,53 euros, Castela-León 30,25 euros, Madrid 29,70 euros, Aragón 25,83 e Galicia 13,93. Non pensa que os datos que se dan nesta moción e concretamente no caso de Galicia sexan certos. Galicia conta cunha partida dedicada a bolsas universitarias de ámbito autonómico dirixidas unicamente a estudantes galegos que non cumpren os criterios esixidos polo goberno central para acceder a unha bolsa universitaria do ministerio. Ademais o goberno de Galicia mantivo as axudas complementarias para os estudantes Erasmus galegos, cousa que outras comunidades autónomas decidiron suprimir, o que supón unha axuda de 80 euros ao mes a maiores e de 500 euros ao mes a maiores para os alumnos con mellores expedientes. Este compromiso mantense para o período 2014-2020 do programa Erasmus da Unión Europea no que a Xunta de Galicia, ademais de manter a contía de 500 euros alonga o período subvencionado ata 9 meses, catro máis dos avalados pola Unión Europea. Nos últimos anos estas axudas incrementáronse un 30 por cento para os Erasmus e un 50 por cento para os estudos extracomunitarios. Por tato pensa que a situación na educación, e concretamente da situación universitaria de Galicia non ten nada que ver co relatado nesta moción, polo que o seu grupo votará en contra.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que son conscientes de que pouco se pode facer dende un Concello para modificar o

xeito de administrar as bolsas para os estudantes. Somos Fene é partidario da gratuidade total do ensino con dúas normas: a cada un segundo as súas capacidades e a cada un segundo as súas necesidades. O seu grupo votará a favor da moción como votaría a favor de calquera moción que se presentase que apoiase a gratuidade do ensino e que todos os estudantes de Fene puidesen estudar a carreira que quixesen.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que están en contra de calquera tipo dos recortes que se está a sufrir polo goberno español en calquera materia, neste caso de educación. Gustaríalle que tanto o PP como o PSOE se puxeran de acordo en Madrid e solucionen estes recortes como se poñen de acordo para outras cousas. Anuncia que o seu grupo votará a favor.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que a moción en si di instar ao goberno de España. Agradécelle ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, a procesión de datos que deu respecto a Galicia pero matizará algún deles, sen "abrumar" aos concelleiros e concelleiras presentes nin ao público presente. Dille que no 2015 a Rede Europea de Información sobre Educación dixo que o prezo medio das carreiras, por países, referido á universidade pública en grao, en España é de 1100 euros, Portugal 860 euros, Francia 184 euros, Alemania 50 euros. Os prezos de matrículas universitarias por comunidades autónomas, dende que chegou o ministro Wert e que o PP acadou o goberno de España na anterior lexislatura fixo que se estendera a brecha dos prezos universitarios en España dun xeito abismal e di que a comunidade autónoma galega non é a que ten un menor custe, que é Andalucía con 757 euros e logo séguelle Galicia con 836 euros. En Cataluña pagan 2372 euros, en Castela-León 1815 euros e en Madrid 1693 euros. Se se fai unha ciencia experimental, que son as carreiras máis custosas para as familias, Galicia segue a custar 836 euros de media, pero segue sendo Andalucía con 757 euros a comunidade autónoma de menor custe e en medio das dúas está Cantabria con 785, é dicir, que Galicia pasaría a ser a terceira, Cataluña segue con 2146 euros e Madrid mantén os 1693 euros. Poderíase falar das ciencias sociais e xurídicas, das ciencias de humanidades e demais, pero como se mencionaron os mestrados dille, ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o intervalo medio que se paga en Galicia por un mestrado está entre 1215 e 1789 euros por ano, en Andalucía é de 821 euros, por citar dúas das comunidades autónomas citadas anteriormente. Que unha familia non saiba o que vai cobrar de bolsa de axuda no mes de febreiro é doloroso. Pon de exemplo o que vive el día a día, di que hai familias que solicitan en setembro axudas para os seus fillos, nenos que teñen necesidades específicas de apoio educativo, nenos con parálises cerebrais, con síndrome de down, autistas e demais casos, que solicitan axudas para ter tratamentos reeducativos de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe ou para transporte especial, e estas axudan están a chegar no mes de febreiro, o que lle parece que algo mellor se podería facer.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non vai entrar en cifras, en datos, nin en calidades, nin cantidades. O que si está claro é que pensa que o sistema educativo de Galicia funciona moi aceptablemente e non se pode dicir así do de Andalucía. Non obstante, é unha pena que todos estes anos que votaron no goberno (polo PSOE), todas estas deficiencias que están a denunciar non as tivesen corrixido, pois se fose así seguro que hoxe en día estaríase moito mellor, pero nin o Sr. Felipe González nin o Sr. Zapatero se acordaron disto.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que contesta ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que están niso.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista, 2 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto) e 7 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar ao Goberno de España a:

1.- Convocar con carácter de urxencia o Observatorio de Bolsas, creado a través do Real Decreto 1220/2010, de 1 de outubro. Este Observatorio emitirá un informe, preceptivo, antes das convocatorias anuais de Bolsas e axudas ao Estudo.

2.- Modificar a normativa reguladora das bolsas para recuperar o verdadeiro sentido das mesmas como dereito subxectivo, sen que ningún estudante que cumpra os requisitos quede sen beca por cuestións orzamentarias.

3.- Modificar os requisitos académicos actuais para a obtención dunha bolsa, restablecéndose os requisitos dispostos no Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, de becas e axudas ao estudo personalizadas.

4.- Establecer criterios claros, obxectivos e ponderables para a súa obtención, de tal maneira que o solicitante poida coñecer de antemán os criterios polos que se lle outorgan as becas e a contía que percibirá se lle é concedida, no caso de cumprilos.

5.- Facer a convocatoria anual de becas inmediatamente despois da publicación do Real Decreto de Bolsas, de forma que a resolución e o pago das mesmas se realicen antes do comezo do curso.

6.- Revisar os toques de Renda e Patrimonio para o dereito a unha bolsa, seguindo o recollido nos ditames á convocatoria de bolsas e axudas ao estudo aprobados e emitidos polo Consello Escolar do Estado, e adaptándoos ás circunstancias de cada momento, e non computar no límite patrimonial familiar, fixado en 1.700€, as subvencións ou prestacións económicas concedidas polas Administracións Públicas que teñan por finalidade atender a situacións de necesidades sociais puntuais, urxentes e básicas de subsistencia.

7.- Eliminar as trabas establecidas para as Bolsas Erasmus, cos novos requisitos, recuperando os anteriores e ampliar nos exercicios sucesivos os créditos orzamentarios destinados para este programa.

8.- Crear unha Bolsa de "rescate" que permita que aqueles alumnos que tivesen que abandonar os estudos polos criterios académicos introducidos na reforma de 2012 se poidan incorporar ao Sistema Universitario.

9.- Ofertar unha modalidade de Axuda Específica para aqueles alumnos que necesiten realizar a Acreditación Lingüística e que actualmente é o nivel B1.

10.- Recuperar as dotacións orzamentarias destinadas á convocatoria de Bolsas Séneca, de mobilidade nacional, que foron eliminadas no curso 2012-2013

11.- Reforzar o sistema de bolsas de máster, dada a estrutura dos estudos universitarios desde a implantación do sistema de graos; prestando especial atención as necesidades de mobilidade do alumnado das comunidades autónomas onde a oferta de máster non está desenvolvida, como é o caso galego.

9. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista referente á "Couza Guatemalteca" e aos seus efectos no cultivo da pataca

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia por 4 votos a favor (2 do grupo do BNG, 1 do grupo mixto e 1 do grupo socialista) e 3 abstencións do grupo do PP:

"A praga denominada "couza guatemalteca da pataca", provocada polo organismo nocivo denominado "Tecia solanivora Povolny ou Scrobipalopsis solanivora Povolny", é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales se foi introducindo. En Europa foi observada e identificada nas Illas Canarias no ano 1999, chegando a producir en algunhas campañas perdas próximas ao 50 % da produción total.

A praga foi detectada en Galicia en Agosto do 2015, nos Concellos de Ferrol, Narón e Neda. Estendéndose o territorio delimitado a Cervo, Foz, Xove, O Valadouro e Viveiro mediante a Resolución de 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2017, publicada no DOG o luns 6 de febreiro amplíase a zona ós Concellos de Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugaridos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez na Provincia da Coruña e a diversos concellos da Provincia de Lugo, quedando afectados: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Oourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Segundo declaracións da Directora Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias o Ministerio de Agricultura está a redactar un Real Decreto que recolle a prohibición de realizar novas plantacións nas zonas determinadas pola devandita Resolución.

Sen lugar a dúbidas a pataca é un dos produtos máis característicos da nosa comunidade, tanto pola cantidade coma pola súa calidade, tanto é así que existe o recoñecemento da Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", que debido a esta praga corre un grave risco, xa que logo, de entre os concellos afectados pola delimitación, moitos deles pertencen á subzona Terra Chá- A Mariña.

Ademais é de resaltar a gran cantidade de fogares que cultivan para o seu autoconsumo este produto así coma para a súa comercialización o que supón un dos factores económicos clave para o noso rural.

Debido a que a temporada de plantación da pataca está a piques de comezar e a inseguridade xurídica que trae consigo o anuncio deste futuro real decreto de prohibición de plantacións o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º Instar o Goberno de España á publicación urxente do real decreto onde se regule a plantación da pataca nas zonas delimitadas pola praga.

2º Instar a Xunta de Galicia a dispor da partida orzamentaria suficiente para proceder ás oportunas indemnizacións que deriven da campaña oficial de erradicación.

3º Instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza guatemalteca.

4º Instar á Consellería de Medio Rural a establecer un Plan informativo sobre a praga, as medidas a tomar para o seu control e no seu caso, o plan de indemnizacións aos agricultores afectados."

O grupo do PP presenta a seguinte emenda de substitución que é aceptada polo grupo municipal socialista, poñente da moción:

"Substituír os puntos 2, 3 e 4 polo seguintes:

2º Instar á Xunta de Galicia a creación dunha Comisión Técnica de Seguimento da Couza da pataca na que estean representadas a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o laboratorio Fitopatolóxico de Galicia a IXP Pataca de Galicia, en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se leven a cabo, así como da evolución do Decreto que prepara o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

3º Instar á Xunta de Galicia a dispor de partida orzamentaria suficiente para proceder ás eventuais axudas destinadas ás zonas de produción afectadas, así como a atender as campañas de erradicación que se poidan implementar, en base ás recomendacións da Comisión Técnica creada ó efecto.

4º Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de investigación científica a través dos seus centros propios e/ou á colaboración dos centros universitarios galegos que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza guatemalteca, de acordo co Comité Técnico."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a xustificación da moción, aínda que sexa só pola pouca información que estes días ofrecen os medios de comunicación e as masivas asistencia aos actos de información que xa se teñen realizado en algúns concellos sobre esta cuestión, xustifican a necesidade de instar ás Administracións Públicas a

que dean unha resposta rápida. É certo que algunhas das partes do documento que se trae á votación igual xa están un pouco pasados no tempo, xa que a época de plantación xa se ten iniciado incluso se anuncia como inminente o Decreto do ministerio para hoxe ou mañá. Non obstante, non está de máis insistir na urxencia das cuestións que se formulan e sobre todo da firmeza á hora de defender as indemnizacións aos afectados por esta praga e que as medidas que se establezan, por parte das distintas administracións, teñan como finalidade e como consecuencia última que non sexan os labregos e labregas galegas os que exclusivamente teñan que sufrir os efectos desta praga e que haxa limitacións ao acceso ás indemnizacións, quedando importantes bolsas de afectados sen posibilidade de pedilas, como ten ocorrido noutras ocasións. Neste sentido solicita o voto favorable á moción e o seu traslado á administración autonómica e central.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que basicamente está de acordo coa moción. Foi presentada no último pleno da Deputación da Coruña e foi emendada polo PP no punto 2, 3 e 4, para logo ser aprobada por unanimidade, polo que presenta unha emenda de substitución que amplía un pouco máis o contido.

De seguindo fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entende que a emenda que se propón non varía substancialmente o proposto na súa moción, entende que a parte máis novidosa que é a creación da Comisión técnica lle parece pertinente e por tanto acepta a emenda proposta polo partido Popular.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que aceptan a moción e a súa emenda.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que acepta a moción.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes (16 votos).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º Instar o Goberno de España á publicación urxente do real decreto onde se regule a plantación da pataca nas zonas delimitadas pola praga.

2º Instar á Xunta de Galicia a creación dunha Comisión Técnica de Seguimento da Couza da pataca na que estean representadas a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o laboratorio Fitopatolóxico de Galicia a IXP Pataca de Galicia, en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se leven a cabo, así como da evolución do Decreto que prepara o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

3º Instar á Xunta de Galicia a dispor de partida orzamentaria suficiente para proceder ás eventuais axudas destinadas ás zonas de produción afectadas, así como a atender as campañas de erradicación que se poidan implementar, en base ás recomendacións da Comisión Técnica creada ó efecto.

4º Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de investigación científica a través dos seus centros propios e/ou á colaboración dos centros universitarios galegos que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza guatemalteca, de acordo co Comité Técnico.

10. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista relativa á distribución dos recursos da Xunta de Galicia aos Concellos con criterios obxectivos e transparentes

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia por 4 votos a favor (2 do grupo do BNG, 1 do grupo mixto e 1 do grupo socialista) e 3 abstencións do grupo do PP:

“O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que,

entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación cos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Cómpre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración cos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lles esixen os "Plans Finalistas" que levan aparellado unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal Socialista solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Fene a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que xa expuxo na moción do grupo municipal do PP os motivos que fundamentan esta moción. A Deputación da Coruña, seguro que mellorará nos vindeiros anos, iniciou un camiño diferente, no que considera que os concellos deben ser quen de decidir en que gastan os seus propios fondos, as prioridades dos seus veciños e veciñas, investimentos nuns casos e noutros gasto corrente polo nivel de endebedamento que teñan ou destinar os cartos á débeda bancaria. Por tanto, permitirá que cada concello poida servir mellor aos seus veciños e veciñas. É un camiño innovador o que se inicia, que entende que debe ser compartido polo resto das Administracións Públicas, non só polo que significa de recoñecer a madurez política a todos os organismos públicos e fundamentalmente aos concellos, que son os máis próximos aos cidadáns, senón porque a redistribución de fondos neste caso, non se produce ao libre albedrío ou ao criterio máis xusto ou menos de quen concede os cartos, senón a criterios completamente obxectivos e amplamente consensuados na provincia da Coruña. Entende que é o xeito de distribuír os cartos públicos entre as administracións e, por tanto, entende que a administración autonómica tamén debía iniciar este camiño, neste caso sen pedirlle os compromisos que si asume a Deputación como o de incrementar o conxunto das achegas que se dedican aos concellos da provincia e no caso da Xunta aos concellos de Galicia. A moción quere pedirlle á administración autonómica que inicie ese camiño de obxectividade, de transparencia e respecto e madurez ente as Administracións Públicas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non vai negar que o POS+ ten algunha posición innovadora respecto dos plans illados do POS, do PAS e do PAI, pero as eivas que ten seguen estando aí e hai que recoñecelas. Ao introducir

o Plan de Aforro e Investimento dentro deste Plan POS+ é evidente que hai moitos concellos que non poden ou non van ir a el, porque non reúnen os requisitos, entre outras cousas porque non teñen débeda e por iso non van participar deses fondos da Deputación. Así como antes había unhas subvencións finalistas para Deportes, Servizos Sociais, Envelhecimento Activo, Turismo e demais, para os Concellos, ese plan finalista agora non existe e serán os concellos os que decidan se definitivamente destinan esa subvención, que antes lles correspondía por exemplo ás Tardes de Envelhecimento Activo, a un asfaltado. Ás veces, dende aquel órgano superior que é a Deputación tamén se pode facer política no senso de dirixir determinados fondos a determinadas cuestións ou materias coa finalidade de fomentar ou sacar adiante de xeito máis cómodo determinados proxectos que podía haber nos concellos, como son os temas deportivos ou de servizos sociais. Hai unha cousa clara, a Xunta de Galicia non é a Deputación e non se poden confundir as administracións, así a Deputación ten un cometido por Lei, prestarlles asesoramento aos Concellos, tratar de garantir os servizos mínimos, harmonizar as achegas a cada un dos concellos para equilibrar os seus orzamentos e demais. A Deputación é o concello dos concellos e a súa administración debe ir dirixida única e exclusivamente a eles, cousa que non lle pasa á Xunta de Galicia, que ten outros obxectivos e outras competencias, independentemente das que poidan ter respecto dos concellos. Neste sentido o goberno galego promoveu dende hai moito tempo o pacto local a través dun fondo de cooperación local que se nutre exclusivamente en función dos ingresos da Xunta de Galicia, así dende 2009 a 2015 os ingresos da Xunta de Galicia víronse mermados en máis de 2000 millóns, pero esta merma non afectou para nada aos concellos porque a Xunta encargouse, no 2009, de crear un fondo extraordinario dotado cun millóns de euros, destinado aos concellos con menos de 5000 habitantes. No 2010 incorporouse aos orzamentos un fondo extraordinario destinado aos concellos de máis de 18 millóns de euros e a partir do ano 2011 estableceuse unha nova regulación do fondo, na que se contemplou un mecanismo de garantía coa finalidade de que ningún concello galego vise minorada a súa participación en relación co importe que viña recibindo no ano 2009. Garantiuse que todos os anos fose de 113 millóns de euros para todos os concellos e tivo un complemento adicional do ano 2012 ao 2015, proporcionando máis de 21 millóns de euros para os concellos, cantidade que non terían percibido de manterse a normativa que regulaba o fondo e que foi aprobada polo goberno bipartito do PSOE e do BNG. Nos anos 2016 e 2017 os concellos van percibir 4,4 millóns como consecuencia do bo comportamento dos ingresos, froito tamén da política de estabilidade que leva o goberno Galego. Non é certo que a Xunta de Galicia só vaia dotar aos concellos cos 119 millóns que ten o fondo de cooperación local, xa que a Xunta ten outros ámbitos nos que está actuando e, loxicamente transfere moitas cantidades aos concellos derivadas da subscripción de convenios ou da concesión de subvencións que figuran recollidos nos diferentes programas da Lei de orzamentos da comunidade autónoma que van ascender este ano a 208,5 millóns de euros. Pensa que son ámbitos diferentes e que a aposta da Xunta de Galicia e da Deputación polo mantemento dos servizos básicos dos concellos está garantida.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que, segundo dixo antes, está en contra da existencia das deputacións, non cre necesario que haxa un órgano institucional entre o goberno local dos concellos e o goberno da autonomía da Xunta de Galicia. O seu grupo podería apoiar a moción por pragmatismo, pero por coherencia vaise abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o BNG é un dos partícipes deste cambio no reparto de fondos entre os concellos. Considera que o reparto é transparente e obxectivo e, polo tanto, o seu grupo votará a favor desta moción.

De segundo fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que xa dixo que o novo POS+ non ía solucionar todos os problemas e que non era o remate dun camiño, senón o inicio dunha andaina na que máis que discutir de cantidades, que non é a cuestión fundamental, discutía de formas de distribuír os recursos para a administración local. Nas formas non pode estar máis en desacordo co PP, o seu voceiro falou de manter achegas finalistas fronte a quen pensa que as administracións locais son entidades maiores de idade, responsables para decidir onde teñen ou non que investir os cartos, e se non o fixeran ben os veciños e veciñas de cada Concello votan cada catro anos a quen goberna e a quen está na oposición, e se non se repartiron ben os cartos xa castigarán ao gobernante e xa optarán pola opción política que lle pareza que vai facer a mellor xestión e distribución dos cartos. Por iso, dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que onde ve inconvincente el ve vantaxes, porque ademais isto permite que cada administración local determine cales son as prioridades e vaia orientando os fondos que veñen da Deputación, evitando tramitacións. É certo que neste POS+ non se evitan todos os

trámites que se poderían evitar e aínda se seguen mantendo moitas liñas de subvención que espera que co tempo se vaian integrando e as transferencias aos concellos sexan máis directas. Ademais de que se decida mellor na administración local, que é máis "cercana" á cidadanía, no que se vai dedicar os recursos, ademais vaise aforrar moito traballo, xa que hai centos de funcionarios na administración autonómica, na deputación e nos concellos que destinan máis do 70 por cento do seu horario de traballo ao ano a xustificar, solicitar e tramitar subvencións. Pensa que é importante comezar a camiñar cara a administracións que teñan procedementos de respecto entre elas, procedementos moito máis simples da definición de competencias e das transferencias de fondos e que lles permita traballar a todos máis e mellor polo cidadán, que é ao final do que se trata, e non acaparar competencias sen sentido. Por iso segue reiterando a necesidade de instar á administración autonómica a que inicie este camiño, non ao tolo, pero que se vaian dando pasos significativos, firmes, serios, seguros e rigorosos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non vai rebater todos e cada un dos argumentos porque hai un que é fundamental e que se acaba de dicir. Pensa que a Xunta de Galicia ten o fondo local e ademais unha serie de competencias cunha serie de cometidos, con outras formas de traballar totalmente diferentes ás que teñen as deputacións. Respecto de que rematen as subvencións finalistas e que se lle acheguen máis cartos aos concellos o comparte sempre, pero o que está claro é que de 75 deputados, 42 son do PP, o que quere dicir que fixo ben o reparto de fondos. Por iso hai que esperar ás vindeira eleccións.

De seguindo fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a pesar dese bo revés do voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, reafírmase no seu criterio agradecéndolle que cando menos comparta o fondo da proposta a pesar de que as veces hai outras obrigas que son máis difíciles de explicar. Hoxe tócalle ao PP e seguro que noutras ocasións tamén lle tocará ao seu partido. Dálle as grazas por compartir o fondo.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple logo de obter 8 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 1 do grupo mixto), 6 votos en contra do grupo do PP e 2 abstencións do grupo Somos Fene.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma.

11. Mocións urxentes

11.1. Manifesto 8 de marzo, día internacional da muller 2017

Coa unanimidade dos concelleiros presentes na votación da urxencia (16 votos), introdúcese na orde do día a seguinte moción, logo de que o alcalde xustificara a urxencia do asunto en que se adopte o acordo, que non foi ditaminado, antes do día 8 de marzo:

"MANIFESTO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2017

Conmemoramos este 8 de marzo nun contexto histórico e político cheo de dificultades para a sociedade en xeral, e para as mulleres en particular. Un 8 de marzo no que – e cada vez máis – temos pouco que celebrar, porque a desigualdade social medrou. España é o segundo país da Unión Europea, despois de Chipre, onde sufrimos esta desigualdade.

A vida económica e, en particular o mundo laboral, é un dos ámbitos fundamentais da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Na nosa sociedade, a desigual repartición entre os xéneros das responsabilidades familiares e do fogar constitúe un dos principais obstáculos para a participación plena das mulleres no mercado laboral, así como a súa permanencia e promoción dentro do mesmo. A conciliación da vida persoal, familiar e laboral constitúe unha problemática complexa e conflitiva para unha parte da cidadanía, as mulleres, que viven en primeira persoa este conflito, pero tamén para os homes, as familias, os concellos, as empresas, o mercado laboral e a sociedade en xeral.

Podemos definir a conciliación como a participación equilibrada de mulleres e homes na vida persoal, familiar e no mercado de traballo. Isto supón compartir o traballo existente (organizando e flexibilizando os usos do tempo sobre a base da igualdade), compartir o poder, compartir as responsabilidades públicas e propiciar a presenza de mulleres nos ámbitos de decisión política e económica.

Non se circunscribe, por tanto, ó ámbito privado, e necesita a implicación de todos os axentes sociais: administracións públicas, empresas, sindicatos e tecido asociativo.

Por iso, e hoxe mais que nunca, debemos asentarnos nos pilares do feminismo. Ese feminismo que persigue o respecto ás diferenzas e á igualdade real. Ese feminismo que intenta cambiar o mundo, pedindo unha igualdade que ten, que debe de ser real, para deixar de ser unha utopía.

O Concello de Fene – o noso Concello – como representante do pobo, ten a obriga e a responsabilidade de poñer todos os medios ó seu alcance para que a igualdade sexa unha realidade inaprazable baixo ningunha circunstancia.

Precisamente pola crise económica e ideolóxica que estamos a padecer, faise urxente e necesario cumprir o obxectivo de pleno emprego, onde as mulleres poidan aspirar, sen discriminacións de ningún tipo, a traballos fixos en igualdade de condición e de salarios. Faise imprescindible implantar medidas que consoliden os avances e que impidan a regresión dos acordos acadados; imprescindibles plans de igualdade dotados economicamente; imprescindible que as institucións públicas e os gobernos cheguen a acordos que leven aparellados os orzamentos necesarios para os fins que se perseguen.

A igualdade real entre homes e mulleres precisa dunha educación, dunha saúde, dunha historia, dunha cultura, dunha economía... enfocadas con perspectiva de xénero. Elo solo é posible e, polo tanto, alcanzable, coa vontade real, decidida e valente dos gobernos e as institucións públicas.

O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é o momento para que o Concello de Fene amose a súa desconformidade coa desigualdade entre homes e mulleres, propiciando medidas reais, cualificables e cuantificables para que a igualdade entre mulleres e homes sexa un feito e non unha mera aspiración.

Por elo, DECLARA:

1. O seu compromiso na aplicación do principio de transversalidade en todas as súas políticas, dispoñendo para elo de todos os medios necesarios, entre os que deben primar o aumento de orzamentos dedicados ás políticas de igualdade e contra da violencia de xénero, comprometéndonos a unha subida do 5% anual.
2. O seu compromiso para que a igualdade sexa un principio de actuación en todas as políticas públicas.
3. O seu compromiso para, mediante políticas municipais debidamente orzamentadas, previr a violencia de xénero.
4. Instar ó goberno da Xunta de Galicia para que garante a formación en igualdade en todos os ciclos formativos do ensino.
5. Instar ó goberno da Xunta de Galicia e ó goberno de España, para que traballe de xeito urxente na adopción de medidas que fomenten que as mulleres con discapacidade teñan un acceso á educación superior nas mellores condicións.
6. O seu compromiso para que o Consello Escolar Municipal traballe na liña para conseguir que en todos os centros educativos de Fene se implementen accións educativas reais e visibles de igualdade entre sexos.
7. O Concello de Fene insta á Xunta de Galicia, en coordinación e coa colaboración da Fegamp, a promover un Pacto pola conciliación e a corresponsabilidade no ámbito da vida laboral, familiar e persoal nos concellos galegos.

2 de Marzo 2017

Asdo. Sandra Permuy Meizoso
Voceira BNG

Asdo. Gumersindo Galego Feal
Voceiro PP

Asdo. Antón L. Noceda Carballo

Asdo. Xoán M. Rdguez. Bastida

Voceiro PSOE

Voceiro SF

Asdo. M^a Carmen Martínez Rodríguez
Voceira EU"

Abre o debate

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes (16 votos).

12. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Rógalle ao alcalde que traia asuntos executivos ao Pleno pois levan un ano no que o único que se ve son dacións de contas e hoxe, o Pleno encheuse por mor das mocións do PSOE, do PP e o manifesto do 8 de marzo. Xa fai un ano, segundo consta nunha acta, que dixo que ía traer medidas novidasas, pero aquí non vén nada.

- No último Pleno fixo unha series de preguntas e a pregunta é, cando vai contestar ás preguntas?. Parécelle que o alcalde ten unha actitude bastante prepotente e algo que nunca se deu neste Concello: que non se conteste ás preguntas da oposición. É mais, nin se tomou nota desas preguntas que non dubida que estean recollidas na acta. A maiores respecto das que se fixeron nese Pleno, que espera que se lle contesten porque a obriga legal está aí, di hai moita présa para cumprir unhas obrigas legais e para outras ningunha, como por exemplo do tema de depuradora.

Contéstalle o alcalde que el mesmo tomou nota de todas e cada unha das preguntas. Nas Comisións que houbo a semana pasada contestáronse a inmensa maioría das preguntas que fixeron e iso poderase ver nas actas, o que non sabe é se se contesta o que queren oír ou non. Se consideran oportuno volver a preguntalas se volverán contestar as veces que sexa oportuno, non obstante pídelles que estean máis atentos nas comisións para non ter que repetilas no pleno outra vez, aínda que se queren farán o traballo as veces que faga falla.

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, pregúntalle ao alcalde onde están as respostas por escrito.

Contéstalle o alcalde que se contestaron por escrito e pregúntalles se non lle valen as actas das comisións?

Contéstalle o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que non.

- Preocupouse todo este mes de estar pendente do baleirado que dixo o alcalde que se está a producir. Nas veces que foi coincidiu dúas veces co camión que está extraendo os lodos e a este paso di que se chegará ao ano que vén coa retirada. Lémbrale ao alcalde que ten que cumprir a sentenza e pregúntalle cando a vai cumprir. Como a sentenza non se recolle pídelles ao alcalde que impoña as penalidades que están recollidas na Resolución da alcaldía e quere saber se efectivamente vai abrir un expediente de penalidades como xa o fixera o goberno anterior. Quere saber a onde efectivamente se están levando os lodos, cousa que xa preguntaron moitas veces. Baixo que asistencia técnica se están levando os lodos?. Díxoselles que se están a levar a outro concello e pregunta, quen está a pagar os gastos da deshidratación dos lodos?, onde están os "tickets" de entrega ao xestor autorizado?. Di que isto é un escándalo, a permisibilidade que está a ter o Concello non o veu na súa vida con ninguén e logo vese como se impoñen ás comunidades de propietarios multas de 1000 euros.

Contéstalle o alcalde que xa se lle pediu a empresa un informe por escrito. Dende o primeiro día seguen informando cada 20 días de todos os traballos que se está realizando, o que xa se lle pediu á empresa é a previsión da finalización de todos os traballos e todos e cada un dos informes que trouxo anteriormente coa información relativa de onde se depositaron os lodos, os metros cúbicos e demais. Espera que en breve rematen o traballo e dean un informe completo de todos e cada un dos movementos que fixeron. Non obstante dille que se a empresa incumpre e non acaba de retirar isto,

automaticamente vai ser penalizada. A empresa está retirando os lodos tal e como di a sentenza, pero esta non impuxo ningún prazo de execución, tiña que iniciar a retirada e así o fixo. Espera que en breve finalice e senón terán as sancións que lle correspondan.

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que non lle está contestando á pregunta, preguntoulle se ía impoñer penalidades. A sentenza di retirada inmediata e el mesmo, sendo alcalde, abriulle á empresa un expediente de penalidades porque ten que ser inmediata, o que quere dicir que hai unha multa de 30 euros diarios que o alcalde non lla está impoñendo.

Contéstalle o alcalde que as penalidades se impuxeron antes da sentenza. Unha vez que está a sentenza e a empresa empeza os traballos é cando se paralizan as penalidades. Se a empresa incumpre e volver retrasar os traballos se lle imporán penalidades.

- Non hai nin punto limpo nin regulamento e non saben nada de nada.

- En novembro o goberno dixo que ía facilitar as liñas básicas do orzamento e aínda non se fixo nada.

Contéstalle o alcalde que como dixo, en novembro ou decembro houbo un primeiro contacto.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille que el non dixo tal, que non tivo ningún contacto co alcalde.

O alcalde dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que entón terán que facer ata isto por escrito, pero lle gustaría que lle recoñecese que no mes de decembro, cando faloron do POS, faloron dos orzamentos e lle dixo cales eran as liñas mestras, o que querían preparar, o plan de emprego e demais.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille que lle dixo que lle daría as liñas mestras.

O alcalde dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que hai que atender un pouco máis. Tamén recoñecerá que na xuntanza que houbo o outro día faloron que o van presentar estes días.

- No anterior Pleno preguntáronlle á voceira do grupo Mixto municipal se sabe por que motivo Yolanda Díaz, do seu grupo político, visitou os lugares onde está proxectado construír o paso elevado e o paso subterráneo na vía do tren. Pregúntalle se sabe algo ao respecto? sabe que vai facer a súa formación no Congreso ao respecto destas dúas actuacións?

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que Yolanda Díaz non veu como deputada de EU senón como deputada de En marea, en calquera caso ela representa a EU. Non obstante, os problemas que detectou os vai trasladar ao Parlamento coa intención de buscar unha solución.

- A cabalgata de reis adxudicouse efectivamente a unha empresa privada, o que non é o mesmo que adxudicarllo a unha asociación cultural e pregunta: por que motivo utilizou medios públicos a empresa privada, tanto a nave de San Marcos como algún vehículo de Protección Civil que viu tirando das carrozas?

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que no prego de prescricións técnicas que rexe a cabalgata indícase que o Concello vai axudar a esa empresa adxudicataria prestándolle locais públicos para as súas necesidades, por iso de acordo co prego solicitaron a utilización da nave de San Marcos e prestóuselles, sen máis.

- Hai un segundo requirimento da Xunta de Galicia para emendar as deficiencias atopadas en Servizos Sociais derivadas da inspección de abril de 2016. Pensa que se fixo algo ao respecto, esta é unha pregunta que se fixo no Pleno anterior e sen prexuízo da súa resposta na correspondente Comisión pensa que debe ser exposta no Pleno.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que xa deu conta disto na comisión, non da do mes pasado senón da do anterior máis.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que as preguntas que el fai no Pleno quere que se lle contesten no Pleno, non lle valen nas comisións, nin nas Xuntas de Voceiros. Se as preguntas as fixo no pasado Pleno quere que se lle contesten no Pleno, pois son sesións públicas e non privadas coma as das Comisións.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que houbo unha visita de inspección no mes de abril de 2016 a Servizos Sociais da que derivaron unha serie emendas que pola razón que fose, que non a sabe, non se fixeron. Polo tanto, fíxose un segundo requirimento para emendar as deficiencias que detectou a inspección. Fíxéronse as emendas e respondeuse e o único asunto que queda por tratar de solucionar é o tema da coordinación, que están falando, precisamente coa inspección, para ver como solventalo.

- No Pleno pasado preguntaron por que a empresa Team 4, que está dedicada ao cobro de morosos, está reclamando recibos do seguro deste Concello.

Contéstalle o alcalde que isto xa o comentaron noutra vez e dille que xa se contestou o outro día na comisión. A única reclamación que apareceu no Concello é a relativa a unhas facturas dun renting dunha fotocopiadora que leva anos sen funcionar e que levan pagando dende hai tempo. Non lle consta ningunha reclamación de ningún seguro.

- Preguntaron se se fixo algunha actuación na pista de atletismo do instituto de Barallobre e algunha xestión respecto do aparcamento dos buses na Deputación.

Contéstalle o alcalde que precisamente mañá ten prevista unha visita á Deputación por outros motivos e segundo lle comentou o outro día e entre a semana que vén e a seguinte haberá outra máis e aí intentarán pechar datas e pechar definitivamente como poder avanzar nesas obras. Espera ter información ao respecto nos vindeiros días.

- Como vai o cumprimento do plan económico financeiro aprobado polo Concello?

Contéstalle o alcalde que de entrada están intentando levar ao día os pagamentos, pero na dación de contas de hoxe, relativa á estabilidade orzamentaria, conta xa que no ano 2016 que se acaba de pechar, á falla da liquidación definitiva, que xa se cumprirá a estabilidade. As medidas que se tomaron pensa que se poden corrixir nestes poucos meses.

- Xa fixo constar que non lles invitaron á clausura das escolas taller, xa que só se invitaron aos alcaldes aínda que el pensa que se debía invitar a todos os grupos, pero hoxe pola mañá viu ao presidente da Deputación baixando dun vehículo e non sabe se veu facer algún tipo de xestión, porque veu tomar café ou tiña algún cometido neste Concello que non souberan.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que supón que lle pasaría o mesmo que lle pasou a el, nese momento sobre as 09.15 ou 09.20 da mañá baixou do seu coche e cruzou a estrada para subir ao coche oficial, supón que para ir cara Coruña. Igual é o punto de encontro ao baixar das Pontes.

- Por que onte, no entroido, había un vehículo de Protección Civil de Carballo?. Auxiliou ao Concello nalgunha tarefa?.

Contéstalle a concelleira de Persoal e Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que tiña dúbidas de que algunha xente de Protección Civil de Fene puidera vir ao entroido por problemas laborais e solicitóuselle colaboración, como se fai noutros dispositivos á Protección Civil e viñeron os de Carballo sen ningún problema, do mesmo xeito que o persoal de Fene vai a outros dispositivos cando se lles solicita.

- No anterior Pleno rogaron e agora preguntan, cando se vai rematar o arranxo da beirarrúa na estrada da Fraga, antes da farmacia, onde caeu a árbore? Considera que é un traballo dun albanel dunha mañá ou dúas ao sumo, pero aquilo está abandonado.

Contéstalle a concelleira de Persoal e Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que se fixo o pedido da plaqueta da beirarrúa, que non é doada de conseguir e estase esperando a que chegue. Dixeron que tardaría sobre un mes e cando chegue se colocará.

- Denunciou en varias ocasións, non só neste Pleno, senón tamén na prensa, que a rúa Ameneiral segue sen arranxo e non houbo ningunha resposta.

Contéstalle o alcalde que xa lle dixo noutra ocasión que esta rúa está incluída nun plan complementario xunto con dúas obras máis e no momento que se poidan executar esas obras faranse todas xuntas.

- Rógalle ao alcalde que se contesten as preguntas que xa tiña que contestar no Pleno pasado. Inda que non queira contestarlle á oposición, pensa que por saúde democrática o debía facer aínda que non lle apeteza. Non contestando ás preguntas da oposición, non só do seu grupo político, sentou un precedente non único, porque pensa que o seu compañeiro, o anterior alcalde do BNG, ás veces tamén o facía, pero que as debería contestar.

- Rógalle que sexa veraz e obxectivo. Dille que a persoa que vaia poñer as cousas nos xornais ou na páxina web que conte a verdade. Na páxina web municipal dise que o BNG e EU sacan adiante en solitario as obras do POS, e engade que na xuntanza da Comisión de Desenvolvemento Territorial, tanto os grupos do bipartito, BNG e IU, como o PP e o PSOE, aprobaron por unanimidade os paquetes de obras que se acollerían ao plan provincial, un consenso inédito nos últimos meses que non se escenificou este mércores no Pleno, xa que os populares e os socialistas optaron por absterse. O PP na Comisión abstívose, o PSOE votou a favor para que isto saíse adiante pero que ese voto non condicionaba o seu voto do Pleno e segundo lles dixo o secretario da Comisión como non teña cinco votos a favor o POS NON sae adiante. O que fixo o PP foi cambiar o sentido do voto dicindo que votaban a favor para sacar o POS adiante para que logo o alcalde terxiversara isto na prensa e na páxina web municipal e pregúntalle se lle parece normal. Logo disto non lles irá pedir algo para logo apuñalalos polas costas. Isto non é obxectivo, deberíase ter dito que foi pese a que o partido Popular cambiou o seu voto para facilitar que o POS saíse adiante. Dille ao alcalde que sabe que o seu partido non vai votar nunca en contra das obras nin dos veciños pero isto non se fai, isto é de persoas "menguadas" politicamente, hai que recoñecer as cousas e cando alguén o fai ben haino que recoñecer. Pídelle que se modifique a páxina web e faga constar que o PP tivo que cambiar o seu voto para que o POS saíse adiante. Esa é a verdade e a realidade e as verdades acaban sempre manifestándose a favor de quen as fai.

Contéstalle o alcalde que o outro día cometeuse un erro con esa información porque quen está subindo as cousas á web é a empresa que preparou a páxina e durante tres meses, polos motivos xa comentados, a empresa é a que sube os contidos á web durante este tempo. O contido desta nova non tiña que estar subido deste xeito á web e así xa o dixo o outro día e se deu aviso para que isto non se repita.

- Rógalle que se facilite a praza de minusválidos, segundo a reunión que se fixo cos directivos da banca, para colocala preto da entidade bancaria.

- Como sempre lle di que non é un alcalde legal, que é un alcalde ilegal e que dimita, pero logo do que fixo no entroido neste concello pídelle dobremente a súa dimisión xa que é a única festa importante que ten o concello, na que participan todas as parroquias, as sociedades, as comparsas e por culpa dunha mísera contribución para unha carpa se mollaron todas as comparsas e aí está o éxito que tivo o entroido de onte. Pensa igualmente que o Concello de Fene ten capacidade suficiente como para que ese día, que é o día grande no que se celebra o entroido e están todas as parroquias aquí no concello poñer unha orquestra, que non custa tanto, que o trío ou os catro que viñeron o fixeron moi ben, pero pensa que o entroido en Fene é algo máis que iso e pídelle, por favor, que non acabe con el.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puete, fai os seguintes rogos e preguntas:

- É o goberno consciente se se produciu algún incidente o martes de entroido na festa infantil, se houbo algún neno que tivo que ir a urxencias debido a que ao mellor non se preveu o plan de seguridade que se tiña que levar a cabo na praza?

Contéstalle a concelleira de Persoal e Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que non é que fallara o plan de seguridade, sinxelamente os nenos e nenas colleron a moda de botarse "espray" e algún levaba vinagre e "ketchup" que lle deu nun ollo a un rapaz e cun ovo tamén a unha nena, polo que foron trasladados ao ambulatorio e logo déuselles coñecemento aos pais e nais. Foi algo que ocorreu xogando entre eles e non foi a falla do plan de seguridade.

- Pregúntalle ao concelleiro de Deportes respecto dos gastos da San Silvestre deste ano que lle achegou onte que e nos que se obviou os gastos ocasionados por unha empresa privada que prestou servizos ese día. Por iso quere saber se a empresa veu de balde ou o concelleiro obviou sumar ese custo a maiores na carreira.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Justo Martínez Ardá, que entende que están todos os gastos aí e non falta ningunha empresa privada.

- Pregúntalle ao alcalde respecto do contrato de axuda no fogar que non viu nas Resolucións da alcaldía que estaba adxudicado. Veu que se cometeron un encadeamento de erros, en primeiro momento saíu adxudicataria unha empresa que non chegou a acreditar os medios dos que dispoñía, por iso pregúntalle ao alcalde se ao mellor tería razón o partido Popular de que ese prego levaba un prezo tan sumamente baixo que ningunha empresa ía aceptalo. Veu que se lle requiriu a unha segunda empresa, que estaban mal sumados os puntos e que se fixo un tremendo "guirigai" e por iso gustaríalle que lle explicase, se non hoxe, si na Comisión de Facenda, na que a día de hoxe aínda non deu conta deste contrato.

Contéstalle o alcalde que o que houbo é que unha empresa ganou o concurso e se lle deron os prazos para presentar a documentación e non o fixo. Logo chamouse á seguinte empresa na lista e solventouse un erro que constaba mal na Resolución da alcaldía e a empresa adxudicataria xa trouxo estes días a documentación, por iso di que en breve solucionarase o contrato novo.

- Reitera o tema da páxina web e souberon polas Resolucións da alcaldía que hai unha persoa, que por desgraza, non está ocupando agora mesmo o seu posto de traballo e cre que está sendo substituída por unha empresa. Roga que se dea conta destes asuntos, non porque unha persoa estea de baixa, senón para saber quen desempeña esas funcións.

- Cando se vai contestar ao sindicato que representa unha boa parte dos traballadores municipais en relación con esa perda adquisitiva dos traballadores que están de baixa? Viu nalgunha acta de goberno, igual que na lexislatura anterior e na anterior e anterior máis, se adiantan ata catro mensualidades cando a Lei prevé só dúas. Iso é en función dun acordo que existe para que se poida cumprir así e por iso pregunta, por que o goberno do BNG non cumpre o acordo plenario de complementar esas baixas, aprobados por este Pleno, que ten algún traballador solicitado?, e por que non se lle contesta?

Contéstalle a concelleira de Persoal e Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que si que se está preparando, vai un pouco lento pero si se vai contestar. Non obstante, infórmalle que nunca se pagou neste Concello ou cando menos dende o 2012. Contestaráselle en breve.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille que si e que llo achegará na vindeira comisión.

- Respecto dos temas que tanto preocupan aos traballadores, hai un que está en boca de todos, que é a "comidilla" dos bares e que se lle preguntou á concelleira de Persoal no mes de decembro e que dixo que se contestaría no mes de xaneiro, en xaneiro dixo que en febreiro, e agora o teñen que traer aquí ao Pleno. O outro día preguntóuselle que fixera unha orde cronolóxica de como sucedeu este tema. O seu grupo revisou as Resolucións da alcaldía e non viron en ningunha unha orde do alcalde ou da concelleira de Persoal que fixeran o encargo de iniciar esa investigación. Isto preocúpalles porque non sabe se os traballadores están informados de todo, hai traballadores implicados ou que hai aí? Di que dende hai catro meses non se deu ningunha conta disto e anuncia que van pedir a súa comparecencia, amparados pola Lei. Dille á concelleira de Persoal que ten tres semanas ata a Comisión de Persoal para contestarlles, aínda que lle moleste o ten que facer, non porque sexan sete concelleiros porque aínda que fosen só un habería que responderlle porque son concelleiros, teñen dereito á información, que ela está negando comisión tras comisión de Persoal. Primeiro foi co traballador ao que se lle pagou o carné, que provocou que tivesen que presentar aquí

unha moción para constituír unha Comisión de Investigación e agora pídelle que nestas tres semanas lle dean conta deste asunto, que lle parece moi preocupante.

Contéstalle a concelleira de Persoal e Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que ten todo máis que preparado. Houbo unha xuntanza de voceiros no que se comentou este tema e pensa que quedou bastante claro.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, dille que non quedou nada claro.

- Pregúntalle ao concelleiro de Urbanismo que pasou e por que a praza do Perla non é pública?. Hai uns plenos dixo que a praza do Perla é privada e o seu grupo quere lembrar que no 2004 demoleuse o cine Perla en virtude dun convenio asinado no 2001 entre o goberno do BNG e unha construtora que permitía a construción dunhas vivendas e tamén aparellaba unha praza pública. Este mes de febreiro cumpríronse dez anos da inauguración desa praza como pública, porque o Pleno a finais do 2006 declarou por unanimidade que se chamase así. En febreiro de 2007, gobernando tamén o BNG inaugurouse o monumento ao espectador, esas cadeiras feitas por Suso Basterrenechea que conmemoran os cines que existían en Fene. Remítese ás hemerotecas e ás propias actas do Pleno para ver que isto é así, é máis, as obras están aí. No 2009 no bipartito e ostentando a concellería de Promoción Económica o BNG, solicitouse unha subvención á Deputación da Coruña por valor de 25000 euros para urbanizar esa praza porque era pública. Quere saber que pasou durante todo este tempo?, porque no plan de urbanismo do 2003 segue a ver a existencia daquel convenio e a existencia da praza e o único a maiores, xa que o BNG é moi propicio a realizar actos políticos e electorais nesa praza, o BNG solicitou por rexistro para facer varios actos e se a praza fose privada terían que terllos pedido á comunidade e non foi así. Reitera a súa pregunta, que pasou dende aquela lexislatura do BNG ata esta lexislatura para que a praza do Perla deixase de ser pública?, e o máis importante, os veciños desa comunidade son conscientes de que esa praza é súa, de que hai unha serie de mobiliario que pertencen a todos e que está aí instalado, de que se pasa algo na praza a responsabilidade é súa polos actos que acontecen aí?

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que entende que a comunidade de veciños si sabe que esa praza é súa, o BNG si que lles pide permiso á comunidade de veciños e tamén o pide no Concello porque fai actos públicos, con altofalantes e demais e entende que deben solicitar permiso, aínda que sexa un sitio privado.

A continuación intervén a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que pregunta como uns cartos, que son de todos, se invisten nun sitio privado. Que pasou?. Vanse retirar as cadeiras agora que é un sitio privado?

O concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, dille que ata o de agora non dixo que fosen facer ningunha actuación. Respecto do por que se investiu nun sitio privado é evidente que esta corporación non o fixo. No momento daquela decisión de investir alí a praza non era solicitada como pública e unicamente solicitaban a disposición de terreos.

A continuación intervén a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que non e pregunta que que pasou?

O concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, dille que descoñece o que pasou.

A continuación intervén a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que lle di ao concelleiro de Urbanismo que foi el quen lles dixo que era unha praza privada.

O concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, dille que exactamente, segundo o PXOM vixente é unha praza privada. Se logo aquí se acorda que é unha praza pública ou non se fai unha expropiación, de todos os xeitos o expediente está aí e poden volver revisalo se queren. Dille ao grupo do PP que estiveron catro anos no goberno para podelo ver.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto dos contidos que aparecen na web sobre o POS+ é certo que xa llo comentou ao alcalde na Comisión, rematada a xuntanza de voceiros e coincidiu con el de que era un erro tal e como

estaba feita a nova, semellaba máis unha nova de partido ou parte que institucional. O alcalde explicoulle a que se debía o erro e el asumiu naquel momento a explicación, pero iso foi o luns, pero hoxe a estas horas a nova segue a estar na web e non entende que en catro días non houbera un oco para substituír estes contidos. Di que no seu Concello unha das labores que ten é a da coordinación das redes sociais e a web e o normal non é tardar catro días en modificar ou retirar uns contidos.

Rógalle ao alcalde que se está mal o primeiro sería quitalo e na medida do posible colgar algo que sexa institucionalmente correcto.

- Dille ao concelleiro de Deportes que lle chegaron queixas de veciños e usuarios do pavillón polideportivo de San Valentín de que había goteiras con bastante cantidade de auga e pregúntalle se sabe da situación? Arranxouse ou hai previsión de arranxo?

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Justo Martínez Ardá, que ten constancia de que existen unhas goteiras pero descoñece se existían o inverno pasado, pois a época de actuar foi no verán, por iso agora non hai prevista ningunha actuación en espera do verán no que se poida actuar enriba da cuberta.

- Recibiu queixas respecto do túnel que vai de San Valentín a Astano en canto que as luminarias non teñen protección e fai falla repoñer algunha delas.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que é certo que romperon e vanse facer unhas caixas para protexer as luces.

- Respecto da petición de colocación dunha farol no camiño do Cadaval pregunta se xa se colocou ou se se fixo unha valoración sobre a súa colocación?. Igual pregunta sobre o corte das tullas na estrada da Brea, núm. 65.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que supón que serán unha reclamación dun veciño, trátase dunhas tullas que hai entre dous veciños no que un reclama que as curte o outro. Estase mirando por si pode intervir o Concello, pero trátase dun problema entre veciños.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que se están atendendo a todas as solicitudes, así que esta estará en breve.

- Hai algunha previsión sobre a retirada de niños de velutina?, entendendo que hai concellos que xa comezaron cara evitar o seu desenvolvemento.

Contéstalle a concelleira de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto que di que Fene xa se reuniu con persoas cualificadas sobre niños de velutina e a súa recomendación foi que de momento, con este frío que hai aínda nesta zona, aínda non saíron e recomendaron que se comezase poñer trampas para as raíñas, pois axiña comezará o calor máis forte e cantos máis se recollan menos niños haberá. Os niños que hai agora mesmo nas árbores non van volver a eles e as vespas que quedaron morren, tanto a raíña coma o resto das velutinas. As que saen fan un niño novo e estes chegan a ser tan grandes porque fan un niño sobre outro. Ademais estase pasando polos colexios para que se lles ensine a facer niños trampa aos nenos, que teñen moita máis conciencia ás veces que os maiores, sobre todo preto dos sitios onde houbo niños o ano pasado, porque a velutina sempre volve aos mesmos sitios e poderán confundir os niños que quedaron cos novos.

- As fachadas do concello, fundamentalmente do xulgado, presentan un aspecto bastante lamentable debido as bandeiras que hai colgadas. Xa fixo este rogo máis veces e roga novamente que, se non se poidan substituír de inmediato, é mellor que algunha non estea colgada a estar nas condicións actuais. En todo caso entende que o Concello de Fene non pode ter problemas orzamentarios para ter unhas insignias dignas nas fachadas dos seus edificios públicos. Nisto tampouco se tarda meses e trátase dun traballo que tampouco leva demasiado tempo.

- Respecto do aparcamento de autobuses do colexio de Barallobre di que o proxecto quedou rematado no mes de xuño, pendente de tramitar os permisos a Patrimonio e debido a unha recomendación técnica de que se esperase ao 15 de agosto á entrada en vigor da nova lexislación, aínda que logo lles dixeron que ter esperado non melloraba as posibilidades de axilización da súa tramitación. Non obstante, só quedaba a tramitación dos permisos correspondentes e había o

compromiso verbal do presidente da Deputación do financiamento desa obra xa no 2016. En que estado se atopa o proxecto? cando se vai trasladar á Deputación para acadar o financiamento?

Contéstalle o alcalde que como dixo antes, mañá terá unha reunión na Deputación, aínda que non é por este tema, pero tratará de introducir este tema. Nos vindeiros quince días terá unha reunión formal para tratar obras e outros tipos de actuacións que se poden facer coa Deputación e aí é onde concretarán con eles como se vai levar a cabo este proxecto, cando se podería comezar e a documentación que poida faltar. Os permisos están solicitados unha parte deles, pensa que falta, aínda que non lembra o expediente completo de memoria, un permiso por solicitar. Comprobarao e informarlle na correspondente Comisión.

- Respecto dos orzamentos xa lle dixeron (ao alcalde) de abondo, pero lémbrale que na última Xunta de Voceiros lles dixo á oposición que se entregarían proximamente, pero ten que ser consciente que debe ser a quinta ou sexta vez que nunha comisión ou nunha xunta de voceiros lles di que proximamente os terán e que a primeira vez que o dixo hai xa meses, que foi antes do Nadal. Logo disto espera que nalgún foro lles presente as liñas mestras ou algo máis pois o seu compromiso faise moi distante no tempo como para ser crido.

- Respecto da rúa Ameneiral, aínda que xa se tratou nalgún Pleno, quere saber en que complementario está esta obra.

- Respecto a algunhas cuestións de persoal, dille ao alcalde que sinxelamente non se contesta nada. Deuse o traslado dun expediente a outra administración sen dicirlles cales son os motivos ou cales non significa que non lles contan nada. Dille á concelleira de Persoal que lles informe e lles diga se iso é unha cuestión do goberno porque o goberno sabe o que hai no informe e por tanto correspóndelle decidir en que foro é máis axeitado contestar ou non, el non lle vai indicar en que foro debe facelo pero si dille que ten a obriga de facelo. Se non o fai, hoxe llo dixo o PP e o seu grupo xa llo dixo na comisión que se acabou o tempo de espera e ten que saber que teñen mecanismos legais para facer que responda, xa que, como representante público correspóndelle a transparencia de informar e non o fixo dende que se fixo a pregunta. Dende que se preguntou ata todo o que lles vai chegando por detrás hai un mundo e quere saber que é o que pasa, xa que non é igual opinar en base a uns feitos que opinar en base ao que se escoita nas rúas, do persoal do concello, nos bares e demais. Dille á concelleira de Persoal que lle corresponde informarlles a ela e levan a esperar catro meses e a xenerosidade ten sido de abondo, neste tema e no resto das cuestións que se lle fixeron, pois ten o costume de facerse o sueco ou poñerse de perfil pero nunca de responder ao que se lle pregunta e vai sendo hora de que o faga, porque é a súa obriga facelo. Dille que ela ten a información e que debe ser ela a que decida en que foro informar, ao seu partido válelle calquera deles e a partir de aí, rógalle que atenda á demanda de información dos grupos políticos que compoñen este Pleno.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que se dará conta nunha Comisión ou nunha Xunta de Voceiros.

- Respecto da cabalgata de reis preguntaron sobre a publicidade que levaban as carrozas e non se lle contestou nada sobre se a publicidade a cobrou a empresa e foi para ela, se estaba contemplado na contratación ou se a cobrou o Concello. Non sabe nada disto. Só sabe que as carrozas levaban publicidade e disto non contestaron nin no pleno, nin nas comisións, nin en ningún sitio.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que o certo é que os pregos non indicaban nada e xa tomou nota cando se comentou na Comisión para incluír isto nos seguintes pregos, de xeito que os vehículos non poidan levar publicidade de ningunha empresa. Non ten relación a empresa co Concello e este non cobrou nada. Dille que na Comisión do 24, como solicitaron diversos aspectos da cabalgata de reis, dixo que desde ese mesmo momento tiñan acceso ao expediente para podelo consultar e facer copias do que consideren oportuno. Dille á oposición que poden revisar o expediente o día que queiran e poden tomar copia do que consideren oportuno.

- Respecto do entroido, dixo o concelleiro de Deportes que estaba previsto nos pregos que se utilizasen as instalacións municipais por parte do adxudicatario, pero dille que o seu grupo non ten constancia de que houbera un procedemento de contratación formal, só ten constancia por el de que se pediron orzamentos e que só unha empresa contestou, pero non sabía que se abriera un procedemento de contratación, por tanto se se abriu un procedemento de contratación e había pregos pregunta, cando se aprobaron? en que Resolución? Se houbo procedemento formal de

contratación quere que lle faciliten copia dos pregos ou no seu caso acceso ao expediente. Se foi unha adxudicación directa, que polo volume puido ser perfectamente e foi un acordo verbal que vostede coa empresa coa que decidiu contratar que o diga tamén, que non pasa nada, pois a Lei de contratos permite toda unha serie de procedementos de contratación e entre eles, cando a contía económica o permite, está a adxudicación directa, mediante a proposta de gasto correspondente e o que nela figure, pero se hai procedemento queren coñecelo.

- Dille ao alcalde que non vai enumerar unha a unha as preguntas que hai sen responder, non é certo e non se corresponde coa realidade que a maioría das preguntas que fixeron no Pleno tivesen resposta nas comisións, nin por escrito, nin de ningún outro xeito. Aquí, de súpeto, nun Pleno o goberno decidiu remitirlles ás comisións, chegaron ás comisións e non houbo ningunha resposta, volven a outro Pleno e segue sen haber resposta. Este non é o xeito de tratar ao resto dos grupos políticos desta Corporación. Dille que el compartiu con el, na oposición, moitas veces retrasos, incluso retrasos significativos pero que se lles tomase o pelo, mandándolles dende a comisión ao pleno e do pleno á comisión, e do que pediron por escrito que non se responda por escrito parécelle que non son formas.

Contéstalle o alcalde, respecto das preguntas feitas por escrito, que hai algunha que xa lle informaron que teñen os expedientes á súa disposición dende hai días para ir miralos.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dille que non, que ten aviso para velos a partir do luns.

O alcalde dille que se lle contestou que podía acceder aos expedientes a partir do venres.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dille que teñen a carta e o alcalde dille que se lle contestou segundo o que pedían, a ser posible un venres a última hora.

A concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, di que faltaba unha pregunta por contestar da Comisión respecto de quen conducía o tractor o 18.11.2016. Contéstalle que o tractor o conducía o condutor habitual do Concello. Preguntaron se estaba en Vilar do Colo e contéstalle que non sabe se parou a falar con alguén, que supón que se pode, pero o tractor foi conducido sempre polo condutor habitual, nunca o conduciu unha persoa externa do Concello. Esta é a información que ten pero se ten algunha foto ou outra información lla poden pasar.

- Respecto da Edar hai unhas cantas cuestións que queren que se respondan.

- No tema do campo de fútbol úrxelles, quere ter eses datos, pensa que lle está a tomar o pelo a esta Corporación e pensa que é posible que o que hai alí instalado non se corresponda co que, neste caso si estaba nos pregos desta licitación, e que ademais hai unha diferenza de cartos entre o que se puido instalar e o que estaba contemplado nos pregos. O concelleiro deulles un informe da empresa respecto dun tipo de céspede, pero queren unha resposta por escrito de que é ese o tipo de céspede o que está, de cal está instalado. Quere que se traian as analíticas que correspondan, porque no informe que se lle presentou só unha das análises se corresponde con ese céspede, o outro correspóndese con outro tipo de céspede que non é o que se menciona no informe, e non o é porque parte dos seus compoñentes son distintos, por tanto non é a documentación que a empresa tiña que ter entregado. Prefire que estes temas se aclaren tecnicamente pero a información de que o céspede cumpra coa especificación FIFA II, non é o único aspecto relevante dese texto, porque o Concello definiu unhas características moi concretas para a súa contratación, que logo foron corrixiadas, axustando precisamente os parámetros que hoxe se incumpren. Isto non ten lóxica, se o céspede que se puxo foi o que facilitou o concelleiro de obras non é normal que haxa un prego de prescricións que presente dúbidas do tipo de céspede que pode ser, que se paralice o concurso ou que sexa obxecto dunha paralización para que logo haxa posibilidade de que o céspede que hai posto resulte que non sexa o que se corresponde cos pregos. Espera que o que lle deu o concelleiro fose un erro e que o céspede cumpra cos pregos, pero quere que lle facilite a información para saber con certeza se é correcto ou non. No caso de que non sexa correcto espera que estean todos xuntos para que iso se emende.

Contéstalle o alcalde que se contestará por escrito.

A continuación o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julian Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntalle á concelleira de Benestar Social e Igualdade en referencia ao que xa lle preguntou na Comisión Información do día 24, en canto á contía que se asinou con Amigos de Galicia e que pasou de 45000 a 60000 euros. El puntualizou que non foron 45000 euros senón 4500 euros, co cal entende que hai un cero engadido nas devanditas cantidades. Gustaríalle saber se se emendou o convenio coa Fundación Amigos de Galicia coas cantidades que, en teoría, deberían terse pactado.

Contéstalle a concelleira de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que segundo o falado na Comisión comentou que podía haber un erro e que o ía consultar. Tan axiña que o comprobe lle informará.

- Pregúntalle á concelleira de Benestar Social e Igualdade respecto do programa de Envellecemento Activo do que informou na Comisión que se estaban levando a cabo os obradoiros de Mantemento da Memoria. Estes obradoiros son moi específicos, afectan á parte cognoscitiva das persoas e o teñen que impartir persoas cunha cualificación profesional que sexan cando menos psicólogos. A empresa adjudicataria está impartindo os cursos con persoas con esta cualificación ou se se vai facer un programa diferente, programas de Recuperación da Memoria?

Contéstalle a concelleira de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que non sabe se a empresa ten psicólogos pero a cuestión é que a empresa xa traballou antes co Concello. Non obstante informárase, pero se traballou máis veces co Concello e nas anteriores ocasións valeu supón que agora tamén. Na Comisión xa dixo que unhas das cousas que se ía facer este ano, a petición das entidades, non é traballar tanto a memoria en si, senón traballar en algo que eles chaman "Recordando o noso", que é falar do papel da muller durante a guerra civil e logo dela.

- Pregúntalle á concelleira de Benestar Social e Igualdade se xa ten prevista unha data para convocar o Consello Escolar Municipal, xa que se dixo que aínda estaban chegando nomeamentos e xa se lle suxeriu nunha Comisión que se podía convocar aínda que faltase algunha persoa, pois non se pode estar esperando a que algunha organización nomee a persoa que o vai representar, non se vai estar un ou dous anos sen convocalo.

Contéstalle a concelleira de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que se vai convocar xa, preguntaron se se podía convocar a falla de que aínda hai xente sen nomear e díxéronlle que si. Por iso convocarase antes de que remate o mes.

- Pregúntalle á concelleira de Benestar Social e Igualdade se é coñecedora de que entrou por rexistro unha carta referente a un neno con cancro que pedía que se lle cumprise un desexo?

Contéstalle a concelleira de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que o neno pedía a carta máis longa do mundo xa se lle dixo o que había que facer e se lle deu trámite.

O voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto do Pleno urxente que houbo a semana pasada e ao que o seu grupo non asistiu dille ao alcalde que non foron convocados. A última hora da noite chamouno por teléfono comentándolle o que pasaba e díxolle que non fora avisado. Como ben sabe todos os concelleiros recibiron un mail da convocatoria, eles non, así como xente que foron concelleiros e concelleiras deste Concello de hai anos. Ante a importancia que tiña que el asinara para facer o Pleno do POS mandouse á Policía Local á porta da súa casa coa convocatoria para que a asinase, cousa que el xa viña con ela para ir ao Concello á hora de ir cara ao traballo, pero ao mesmo tempo deulle á Policía Local unha nota con cinco ou seis liñas para que o alcalde explicase ao principio do Pleno por que el non podía acudir, entre elas, que o alcalde e ou a xente encargada non mandou o mail da convocatoria. Di que o alcalde non leu a nota e pregúntalle por que non o leu?

Contéstalle o alcalde que si estaban convocados a través do programa Sigem.

O Sr. Rodríguez Bastida contéstalle que sabe que non é certo.

Continúa dicíndolle o alcalde que segundo a informática do Concello se lle notificou, igual que ao seu compañeiro de grupo, a Resolución da alcaldía da convocatoria do Pleno. Outra cousa é que non recibise outro correo que se envía a maiores lembrándolle a todos os concelleiros e concelleiras esa mesma convocatoria. Como ben dixo, falou con el o día anterior a última hora da tarde e díxolle que xa o avisaran telefonicamente e que non podía ir ao concello e ao día seguinte tampouco ía ir. Por iso lle foron levar as cousas a súa casa e non sabe que máis pode pedir. O Pleno convocouse na Comisión do día anterior á que tampouco asistiu e se non asistiu a ningunha comisión en toda a semana como pretende que se lle informen das cousas. Non obstante, a notificación, segundo consta na informática do Concello está recibida, se non abriu o correo é outra historia. Dille que el ao inicio do Pleno escusouno a el e ao seu compañeiro e non leu a nota que lle enviou porque el aquí non está de "corre, ve y dile" de ninguén, pois se quere ler unha nota no Pleno a debe traer e lela el, xa bastante fai con escusar que non veña porque non quere, iso é algo que terá que explicarlle aos seus votantes. Pensa que non apareceu en toda a semana a ningunha comisión, non apareceu no Pleno e pregúntalle se pretende que se fagan os plenos na súa casa ou a partir das 21.00 h, como puxo nalgún sitio, iso é razoable?, iso llo terá que explicar ao pobo de Fene. Aquí cúmprense as cousas como se teñen que cumprir e ás comisións acode todo o mundo menos el. Iso será algo que terá que solucionar el e non llo poden solucionar os demais, así o resto dos compañeiros da Corporación acoden ás súas comisións e aos Plenos e o único problema é sempre con el. Dille que bastante fixo el con escusalo a el e ao seu compañeiro ao principio do Pleno sen facer mención a nada do que acaba de dicir agora, porque pensa que non conduce a nada.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que pide ao alcalde que lle conteste se á conta de mail ao que se lle mandou estaban exconcelleiros deste Concello e estaban os concelleiros de Somos Fene.

Contéstalle o alcalde que por parte da Resolución da alcaldía do Sigem non, só aparecen os 17 concelleiros actuais. Iso trátase dunha notificación a maiores, que se acostuma a mandar con documentación adxunta, por iso se lle manda incluso as súas propias contas, con documentación. Pregúntalle se sabe o que é un Pleno extraordinario urxente e por que non veu á Comisión na que se marcou esa data?.

A continuación o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, contéstalle que porque non pode vir a cinco comisións esta semana.

O alcalde contéstalle que terá que tomar medidas para solucionalo e pregúntalle entón que quere que lle faga?

A continuación o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, di que neste Concello as comisións ordinarias son pola mañá, ao contrario do que ocorre en todos os concellos do contorno e sabe que non se confunde.

Contéstalle o alcalde que isto non é cuestión de rogos e preguntas.

A continuación o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, di que por iso o chamouno ás 22.00 h, ao que o alcalde contesta que tivo a deferencia de chamalo porque non se dá por enterado. Ao mellor o que hai que facer é deixalo de chamar.

- Rógalle que para a vindeira convocatoria teña un pouco máis de dilixencia, porque non sabe se os exconcelleiros e exconcelleiras do Concello levaron unha sorpresa cando foron convocados. Dille que quen decide se un Pleno é urxente ou non é o alcalde e a urxencia do Pleno veu dada pola falla de dilixencia ao tratar os asuntos como é debido e non pode esperar a facelo 12 horas antes. Rógalle un pouco máis de dilixencia.

O concelleiro do grupo municipal de Somos Fene, César Daniel Castro García, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntalle á concelleira de Medio Ambiente polo entubado do Rego das Cañotas, na zona de Mundín se fixo algunha dilixencia ao respecto. Pregúntalle tamén pola retirada de lixo do Camiño Inglés que ve que tampouco está feito?

Contéstalle o alcalde que o entubado non pode ser porque o Cañotas non pasa por Mundín, ten que ser outro río.

O concelleiro do grupo municipal de Somos Fene, César Daniel Castro García, dille que é o Rego do Carballás.

- Pregúntalle á concelleira de Servizos por un banco que había en Mundín se tiñan pensado restituilo, aínda que é un banco colocado dun xeito informal polos veciños, cumpría unha función interesante para algunhas persoas maiores que pasean por alí.

- Ten coñecemento o goberno de que o camiño Inglés a súa saída en Vilar do Colo está pechado polas vallas das obras do hotel. Váiselle comunicar algo á empresa responsable?

Contéstalle o alcalde que hai problemas no camiño, porque por onde ían os peregrinos non era o camiño real. Notificaron a Patrimonio e mañá hai unha reunión do Camiño Inglés na Deputación e se informará. O luns mandará todo por escrito. Hai máis dun ano, co gallo dos temporais cando a Xunta pedira un informe xa se lle dixo á Xunta que os peregrinos facían un tramo por fóra do camiño, que había de mirar de solucionalo. Ao comezar agora as obras, o atallo do camiño vai estar inaccesible, por iso xa avisaron a Patrimonio disto.

- Como está a proposta de estudo do convenio co Ente de Conservación do Vilar do Colo?

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 21.06 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas